



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Latín Práctico para Arquivos e Bibliotecas		Código	710G04018
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Profesorado	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Web	https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz			
Descrición xeral	<p>O obxectivo da materia é achegarlle ao alumnado as destrezas e coñecementos básicos de gramática latina que lle permitan comprender a documentación escrita en latín presente en arquivos e bibliotecas, que constitúe unha parte fundamental do fondo antigo. A comprensión correcta deses documentos é importante para que poidan ser correctamente descritos e para comprender os elementos relevantes na elaboración de metadatos. Farase tamén unha pequena introducción ás características morfolóxicas dos formatos de libro que conforman o fondo antigo, ao léxico específico e aos recursos básicos que se empregan na descrición deses materiais (nomes de impresores e editores, topónimos, etc.).</p> <p>A materia ten un enfoque basicamente práctico, salientando o traballo práctico con textos e documentos pertencentes ao fondo antigo de arquivos e bibliotecas, así como coas súas réplicas nos repositorios e bibliotecas dixitais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Ter o coñecemento humanístico que lle permita ter unha cultura sólida para contextualizar os coñecementos adquiridos	A2		
Dominar as fontes de información relevantes que permitan satisfacer de forma efectiva as demandas dos usuarios tanto para a actividade investigadora como para a empresaria	A5		
Buscar e obtér información en diversos medios para responder á demanda dos usuarios de información	A6		
Dominar os distintos métodos de representación de datos, información e coñecemento que garanta a súa recuperación eficiente	A8		
Determinar e aplicar métodos, medidas e técnicas deseñadas para ordenar, protexer, conservar e restaurar datos, información e documentos de diferente natureza	A19		
Posuír e comprender coñecementos que proporcionan unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e / ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación		B1	
Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en ambientes novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo		B2	
Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e os motivos finais que os sustentan- a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades		B4	
Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan seguir estudando dun xeito que sexa en gran parte autodirixido ou autónomo		B5	
Capacidade de cooperación, traballo en equipo e aprendizaxe colaborativa		B6	
Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións		B9	
Expresarse correctamente, oralmente e por escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1



Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo das súas vidas			C2
---	--	--	----

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á lingua latina, ás súas variedades e á súa historia	
2. Características morfolóxicas dos soportes e formatos que constitúen o fondo antigo e terminoloxía relacionada (portadas e paratextos)	
3. Cuestións de ortografía latina	
4. Nocións básicas de morfoloxía latina	1.1. Morfoloxía nominal: nome e adxectivo 1.2. Morfoloxía pronominal 1.3. Morfoloxía verbal
5. Sintaxe da oración simple	2.1. Usos dos casos 2.2. Frases preposicionais
6. Sintaxe da oración composta	3.1. Coordinación 3.2. Subordinación
7. Fontes e recursos de información para a comprensión e descrición de libros e documentos escritos en latín (editores, topónimos, etc.).	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A6 A19 B1 B2 B4 B6 B9 C2	24	36	60
Lecturas	A2 B5	0	10	10
Proba obxectiva	A2 B4 C1	4	16	20
Sesión maxistral	A2 A5 A8	24	36	60
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Aprendizaxe centrado no alumnado e baseado no traballo presencial en grupo sobre materiais proporcionados polo profesor, onde estudantes con diferentes niveis de habilidade empregarán actividades de aprendizaxe colaborativa para mellorar o coñecemento da materia. Os exercicios serán de comprensión gramatical e de interpretación básica de documentos de fondo antigo. O alumnado deberá entregar por escrito as respostas.
Lecturas	Lectura por conta do estudante de textos de carácter académico achegados polo profesor. Estes textos permitirán completar a formación das aulas e serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliadas.
Proba obxectiva	Exercicios individuais escritos de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso.
Sesión maxistral	Exposición polo profesor de contidos relativos a cada un dos temas con apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital e de presentacións en powerpoint.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	O alumnado poderá consultar calquera tipo de dúbida ou problema coas actividades por medio de titorías presencias, correo electrónico ou, eventualmente, sesións a través de Teams.
--------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 B4 C1	Realizarase unha proba escrita individual de carácter fundamentalmente práctico en cada unha das convocatorias oficiais (xuño e xullo).	50
Aprendizaxe colaborativa	A6 A19 B1 B2 B4 B6 B9 C2	Realización e entrega das actividades de cada tema propostas ao estudantado, que serán obxecto dun debate e posta en común nas aulas interactivas. As actividades deberán entregarse por escrito nos prazos acordados.	50

Observacións avaliación
Na modalidade de avaliación continua, a calificación da materia será o resultado da suma das calificacións parciais obtidas nas distintas actividades de avaliación realizadas. A puntuación mínima para superar a materia é de 5.Os/as estudantes que non superasen a materia na convocatoria de xuño poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes ou suspensas coas mesmas condicións e porcentaxes.As actividades presentadas por escrito e a proba final deberán cumprir cos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de modo claro e carecer de faltas de ortografía. Estes aspectos poderán terse en conta na avaliación.Aquelas persoas que teñan algún tipo de dispensa legal de asistencia ás aulas poderán presentarse a un exame final, nas convocatorias oficiais, que contará no seu caso o 100% da calificación.

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Rubio, L. (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid: Ediciones Clásicas - González Rolán, T.-Rubio, L. (1985). Nueva gramática latina. Madrid: Coloquio - Molina Yévenes, J. (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona: Universidad de Barcelona - López de Ayala, M. J. (1991). Introducción a la ortografía latina. Madrid: Ediciones Clásicas - Enríquez, J. A.-López Fonseca, A. (1993). Resumen de gramática latina. Madrid: Ediciones Clásicas - Clackson, J. (ed.) (2011). A Companion to the Latin Language. Malden-Oxford-Chichester: Wiley-Blackwell - Griffin, R. M. (1999 (reimpr.)). Gramática latina de Cambridge. Sevilla <p>Analecta Malacitana (Univ. Málaga)http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterariushttp://www.luduslitterarius.net/ Resumos de gramática latinahttp://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latinahttp://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm</p>
Bibliografía complementaria	A bibliografía complementaria, sobre aspectos específicos de carácter non lingüístico (paleografía, topónimos, historia do libro, etc.), achegarase nas aulas e na plataforma de teleformación.

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías